

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 13 DE SETEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón que cese Álvaro Pérez López como director xeral do Gabinete da Presidencia.
- Decreto polo que se dispón que cese Susana López Abella como secretaria xeral da Igualdade.
- Decreto polo que se dispón que cese M^a Carmen Pardo López como secretaria xeral para o Turismo.
- Decreto polo que se dispón que cese M^a Belén do Campo Piñeiro como delegada territorial da Xunta na Coruña.
- Decreto polo que se dispón que cese Raquel Arias Rodríguez como delegada territorial da Xunta en Lugo.
- Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Cores Tourís como delegado territorial da Xunta de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURA

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Xunqueira de Alba.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese M^a Nava Castro Domínguez como directora xeral de Comercio

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURA

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Pantón, para a execución da obra: "Saneamento de augas residuais en Eiré. Pantón (Lugo)", clave OH.327.609, por importe de trescentos trinta e cinco mil setenta e catro euros con vinte e nove céntimos (335.074,29 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os concellos de Mondariz e Ponteareas, para a execución das obras de senda fluvial dos ríos Tea e Xabriña no concello de Mondariz (Pontevedra) e da senda fluvial no río Tea nos concellos de Mondariz e Ponteareas (Pontevedra), por importe de seiscentos sesenta e oito mil douscentos trinta e oito euros con un céntimo (668.238,01 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a comprometer un gasto de dez millóns setecentos noventa e seis mil setecentos dezaseis euros con oitenta céntimos (10.796.716,80 euros), na tramitación dun expediente de patrocinio publicitario que consiste na difusión do lema "Galicia", en vehículos eléctricos fabricados na Comunidade Autónoma de Galicia, por PSA Peugeot Citroën.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio ás infraestruturas científico-tecnolóxicas, á investigación e á innovación, por un importe total dun millón euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña, para o apoio ás infraestruturas científico-tecnolóxicas, á investigación e á innovación, por un importe total dun millón euros (1.000.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo, para o apoio ás infraestruturas científico-tecnolóxicas, á investigación e á innovación, por un importe total dun millón euros (1.000.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda, para a posta en valor do Castelo de Santa Cruz. Fase II, por un importe total de cento vinte e nove mil douscentos corenta e un euros con trinta e nove céntimos (129.241,39 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do “Proxecto das instalacións solares fotovoltaicas de 10.000 kW cada unha denominadas Seteventos II e Seteventos III” sobre a que cualifica o monte veciñal en man común de Piñeiró, pertencente á comunidade de montes de San Sadurniño de Piñeiró, no concello do Saviñao, provincia de Lugo. Superficie total de afección: 0,155 ha.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estado de situación do I e II Plan de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a Memoria de Seguridade Viaria.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a licitación do centro de saúde da Valenzá-Ourense.
- Informe sobre a licitación do centro de saúde do Couto-Ourense.

A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL DA XUNQUEIRA DE ALBA, EN PONTEVEDRA, O PRIMEIRO ENIL QUE SE DECLARA DE FORMA DEFINITIVA EN GALICIA

- ***O ámbito deste espazo afecta unha marisma que se atopa no termo municipal de Pontevedra, nas proximidades do núcleo urbano, e localízase na confluencia do río Rons e do río Lérez, próxima á desembocadura deste último***
- ***A zona constitúe unha das poucas áreas húmidas que existen no concello de Pontevedra***
- ***A aprobación do seu plan de conservación permitirá xestionar o espazo natural de tal xeito que as medidas de conservación e os usos tradicionais e públicos sexan compatibles***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o decreto que aproba o Plan de conservación do espazo natural de intese local (ENIL) Xunqueira de Alba, en Pontevedra, polo que se converte no primeiro de Galicia declarado definitivamente e con plan de conservación aprobado.

A Xunta de Galicia reafirma a través deste decreto, a súa intención de compatibilizar a protección dun espazo natural e a súa conservación, co uso público e co gozo da natureza dun espazo cuxa declaración definitiva foi recentemente aprobada mediante orde da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

O ENIL Xunqueira de Alba afecta unha marisma que se atopa no termo municipal de Pontevedra, nas proximidades do núcleo urbano, e localízase na confluencia do río Rons e río Lérez, próxima á desembocadura deste último, e está sometido á confluencia das mareas. A zona orixe de estudo ocupa 67 hectáreas, e constitúe unha das poucas zonas húmidas que existen no Concello de Pontevedra.

Mediante este plan de conservación establécese un modelo de xestión que contribúe a alcanzar os obxectivos de conservación do ENIL, de acordo cos criterios establecidos na normativa vixente.

Deste xeito, a Xunta de Galicia comprométese coas administracións locais á creación de espazos naturais protexidos que serán xestionados polo Concello, xa que estas figuras de espazos naturais protexidos non entran a formar parte da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

A declaración definitiva do ENIL Xunqueira de Alba e a aprobación do seu plan de conservación permitirán xestionar o espazo natural de tal xeito que as medidas de conservación e os usos tradicionais e públicos sexan compatibles.

A Lei 9/2001, de 21 do agosto, de conservación da natureza, define os ENIL como aqueles espazos integrados nun termo municipal, que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

O ámbito deste espazo afecta unha marisma que se atopa no termo municipal de Pontevedra, nas proximidades do núcleo urbano, e localízase na confluencia do río Rons e río Lárez, próxima á desembocadura deste último, e está sometido á confluencia das mareas.


Esta declaración ten como finalidade establecer un modelo de xestión que contribúa a alcanzar os obxectivos de conservación do ENIL Xunqueira de Alba, de acordo cos criterios establecidos na normativa vixente.

A protección e conservación do noso patrimonio natural é un mandato recollido no artigo 45 da vixente Constitución española e unha necesidade para asegurar a supervivencia dos nosos ecosistemas a través da protección, restauración e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión da flora e fauna silvestres.

Baixo estas premisas xa foron declarados de xeito provisional 5 espazos naturais de interese local en Galicia: Illas de San Pedro (A Coruña), Loio-Ruxidoira (Paradela-Lugo), Boutureira (San Cibrao das Viñas-Ourense); Puzo do Lago (Maside-Ourense) e Xunqueira de Alba (Pontevedra).

Non obstante, a aprobación do Plan de Conservación da Xunqueira de Alba, e a súa declaración definitiva convérteno no único declarado en Galicia ata hoxe.


Este espazo, en concreto, afecta nunha marisma, nun contorno próximo ao núcleo urbano, polo que resulta necesario compatibilizar a conservación cos usos tradicionais e recreativos.




Espazo Natural de Interese Local: "Xunqueira de Alba" (Pontevedra).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

 Limite do Espazo

Superficie: 67 has.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN CONVENIO CO CONCELLO DE PANTÓN PARA OPTIMIZAR O FUNCIONAMENTO DA DEPURADORA DE EIRÉ

- ***Eliminaranse as fosas sépticas que son importantes focos contaminantes, polo que se mellorará considerablemente a calidade ambiental da zona***
- ***O Executivo autonómico, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, fará un investimento de máis de 330.000 euros, dividido en dúas anualidades***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financieira co Concello de Pantón, co fin de levar a cabo a obra de saneamento de augas residuais do lugar de Eiré, nesta vila lucense. Para este proxecto, o Executivo autonómico, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, fará un investimento de máis de 330.000 euros, dividido en dúas anualidades.

Estas obras, que teñen un prazo de execución de seis meses, dotarán os habitantes da parroquia de Eiré dun servizo axeitado de saneamento e optimizarán así o funcionamento da depuradora. Así mesmo, eliminaranse as fosas sépticas que son importantes focos contaminantes, polo que se mellorará considerablemente a calidade ambiental da zona; e suporá a renovación da rede de abastecemento, co fin de evitar perdas, fomentando o aforro de auga e o consumo responsable, coas que se beneficiará unha futura poboación de 105 habitantes.

Características técnicas

Concretamente, levaranse a cabo distintas obras na rede de saneamento como unha rede de colectores de augas residuais de 1.920 metros de lonxitude no núcleo do Barrio en Eiré, dos que 1.684 metros son en tubaxe de PVC 315 mm, correspondentes ao ramal principal, e 236 m en tubaxe de PVC 250 milímetros correspondentes a ramais secundarios. O ramal principal vai desde as inmediacións da igrexa parroquial ata a depuradora existente; e parte do trazado do ramal principal discorre pola estrada LU-P-4102, de titularidade provincial. A rede inclúe 53 pozos de rexistro de formigón en masa realizados "in situ".

No referente á rede de abastecemento realizarase a reposición da rede de abastecemento existente no núcleo do Barrio. Esta reposición terá unha lonxitude total de 947 metros, dos que 630 metros son en tubaxe e colocaranse as válvulas e bocas de rega correspondentes, ademais das reposicións das acometidas domiciliarias.

Na rede de pluviais será preciso repoñer unha canle de rega existente (pluviais), con 300 metros de tubos de formigón de diámetro de 40 centímetros e 22 metros de canaleta a base de tubo de formigón a media cana de 40 cm. Colocaranse ademais 20 sumidoiros.

Antecedentes

Na actualidade, a parroquia de Eiré, no concello de Pantón, ten unha depuradora na cal se prevía a conexión desta parroquia, esta infraestrutura ten unha capacidade para 254 habitantes equivalentes. O núcleo do Barrio en Eiré non dispón de rede de saneamento e a de abastecemento ten certa antigüidade, polo que se producen moitas roturas debido a que a rede non é capaz de soportar a presión existente na conducción.

Este acordo nace dun expediente tramitado ao abeiro do Decreto 84/1997, que prevé a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais. Grazas á dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

A porcentaxe de financiamento por parte da Xunta poderá acadar ata o 100% do total do custo da obra e requirirase a aprobación previa do Consello da Xunta no suposto de se conteren obrigas de gasto plurianuais ou unha contía superior a 150.233 euros.

A XUNTA APROBA A SINATURA DUN CONVENIO PARA CREAR UNHA RUTA FLUVIAL DE 7 QUILÓMETROS NO RÍO TEA AO SEU PASO POLOS CONCELLOS DE MONDARIZ E PONTEAREAS

- ***A actuación implica un investimento de case 700.000 euros***
- ***Preténdese ofrecer a través da ruta de sendeirismo e cicloturismo unha alternativa de deporte, ocio e á vez un percorrido cultural e paisaxístico***

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os concellos de Mondariz e Ponteareas para a execución das obras da senda fluvial dos ríos Tea e Xabriña no concello de Mondariz no río Tea nos concellos de Mondariz e Ponteareas.

O custo total das actuacións recollidas no presente convenio ascende a 668.000 euros, que serán financiadas na súa totalidade por Augas de Galicia nas anualidades de 2012 e 2013.

O río Tea, por cuxas marxes transcorrerán as sendas obxecto do presente convenio, foi incluído na Rede natura 2000 como lugar de interese comunitario en 2004, e foi declarado zona de especial protección dos valores naturais ese mesmo ano. Deste xeito, tendo en conta o valor e interese natural, cultural e paisaxístico da zona, resulta necesario asegurar a súa conservación.

Mediante as actuacións recollidas neste convenio preténdese ofrecer a través da ruta de sendeirismo e cicloturismo unha alternativa de deporte, ocio e á vez un percorrido cultural e paisaxístico. Así, o camiño servirá para facilitar o acceso a zonas de interese etnográfico e zonas relevantes pola súa flora e fauna, distribuída nos distintos ecosistemas existentes ao longo da ribeira.

Do mesmo xeito, preténdese crear un nexo de unión entre municipios, permitindo o acceso peonil ininterrompido e sen ningún tipo de barreiras de accesibilidade desde cada unha das zonas urbanas ata a propia senda e vertebrar e promover o rural, a través dunha senda ambiental, cultural deportiva e de recreo, xeradora de expectativas turísticas.

En Mondariz estas actuacións consisten nunha senda de 3.440 metros de lonxitude con dúas pasarelas sobre o río Xabriña, para unir a senda co paseo actual de Troncoso, comezando na ponte romana de Cernadela no Ceao.

En Ponteareas proxéctase una senda de 2.965 metros que comeza no límite municipal entre Mondariz-Balneiro en Ponteareas, xunto á antiga depuradora actualmente demolida no campo de golf.

Estas obras de conservación e mellora das marxes dos ríos, enmarcadas no Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, promoven a mellora do ambiente, contribuíndo ao obxectivo transversal de sustentabilidade e protección ambiental.

Os vehículos, fabricados en Vigo, serán lanzados por PSA Peugeot Citroën

A XUNTA IMPULSA A PRIMEIRA FURGONETA ELÉCTRICA PRODUCIDA INTEGRAMENTE NA COMUNIDADE QUE PROMOCIONARÁ A MARCA "GALICIA" A NIVEL INTERNACIONAL

- ***O Goberno galego, por medio da Consellería de Economía de Industria, apoia o desenvolvemento deste vehículo 100% eléctrico coa firma dun acordo de 10,7 millóns de euros que respalda a innovación e a tecnoloxía da automoción galega***
- ***O lanzamento da Partner eléctrica dará a coñecer e reforzará a imaxe de Galicia no mundo e afondará na promoción económica internacional da comunidade galega***
- ***A Xunta continúa a apoiar ao sector da automoción galego, un dos principais dinamizadores da economía na comunidade e estandarte da innovación en Galicia***

A Xunta de Galicia, na súa estratexia de apoio ao sector da automoción galega, está a impulsar o desenvolvemento da primeira furgoneta eléctrica producida integramente na comunidade que promocionará a marca "Galicia" a nivel internacional. O Executivo galego, por medio do Igape e a Consellería de Economía de Industria, aprobou hoxe no Consello da Xunta, un acordo polo que se destinarán 10,7 millóns de euros a este proxecto desenvolto por PSA Peugeot Citroën na súa fábrica de Vigo.

O Goberno galego impulsa así a innovación e alta tecnoloxía do sector da automoción en Galicia que permitirá, co lanzamento destes novos vehículos, dar a coñecer e reforzar a imaxe de Galicia no mundo afondando na promoción económica internacional da comunidade galega.

A Xunta salienta que a automoción galega é un estandarte da mellora continua e da innovación e contribúe de maneira singular á economía de Galicia, sendo líder en exportacións, en achegas ao PIB industrial e un importante núcleo xerador de emprego. Co desenvolvemento deste novo vehículo eléctrico que será fabricado nas instalacións de PSA en Vigo e que se reflectirá nos modelos Partner e Berlingo, a comunidade galega acadará o fito de que os primeiros vehículos da marca sexan feitos en Galicia.

Con este acordo acadado pola Xunta, os vehículos, que levarán nas súas carrozarías a marca "Galicia", abondará na promoción económica da comunidade e na súa visibilidade internacional como un territorio capaz de producir un vehículo pioneiro, ecolóxico e da máis avanzada tecnoloxía, reforzando así a imaxe da comunidade, a capacidade do sector e a valía dos seus traballadores.

O Goberno galego continúa impulsando o crecemento desta industria co desenvolvemento dunha estratexia integral de apoio baseada en facer fronte ás necesidades actuais do sector. De feito, a Xunta leva apoiado proxectos no sector da automoción e compoñentes que mobilizaron 675 millóns de euros e facilitaron o mantemento e impulso dun sector que emprega a máis de 19.000 traballadores.

CULTURA E EDUCACIÓN IMPULSA A I+D NAS UNIVERSIDADES GALEGAS CO INVESTIMENTO DE 3 MILLÓNS DE EUROS PARA O FINANCIAMENTO DAS INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS DE INVESTIGACIÓN

- ***A Consellería asinará convenios coas tres universidades para o gastos de equipamento dos grupos e melloras nos centros de investigación***
- ***Esta actuación supón unha nova aposta da Xunta por poñer as bases dunha economía baseada no coñecemento e o desenvolvemento tecnolóxico***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) 3 millóns de euros para o financiamento dos gastos de equipamento e melloras nas infraestruturas científico-tecnolóxicas, co fin de apoiar as actividades que se están a desenvolver nos seus centros e grupos de investigación. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, nunha nova aposta polo impulso de actuacións que contribúan a poñer en Galicia as bases dunha economía baseada no coñecemento, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico como liñas de progreso.

Para iso, o departamento educativo da Xunta de Galicia asinará convenios coa Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, ao abeiro dos que achegará un millón de euros a cada unha delas. Con esta achega financiaranse gastos de equipamento dos grupos e centros de investigación, tales como material, gastos de reparación e mellora dos centros e laboratorios vinculados á actividade investigadora, entre outros.

Pola súa parte, a USC, a UDC e a UVigo promoverán o desenvolvemento de actividades que relancen a calidade da actividade investigadora nos seus respectivos centros, co fin de convertelos en centros de referencia e excelencia na produción científica, cunha importante capacidade competitiva e de transferencia á sociedade.

Plan I2C

Esta actuación vai enmarcada no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C), que marca como obxectivo prioritario estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico. Para isto, o Plan establece nos seus eixes estratéxicos 2 e 3 a necesidade dunha maior estruturación do sistema público de investigación, de maneira que se cree unha contorna favorable á investigación, que garanta a eficiencia operativa e financeira.

Esta inxección de 3 millóns de euros á I+D universitaria, que se concede por primeira vez, vén complementar as diferentes actuacións que a Consellería de Cultura e Educación está a desenvolver para impulsar un modelo diferenciado á investigación no

SUG. De feito, en pasados consellos da Xunta aprobouse unha achega de máis de 1 millón de euros para a construción do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA).

Ademais do investimento en infraestruturas, a Consellería completou o desenvolvemento do Plan I2c no referente á carreira investigadora, coa convocatoria de 99 contratos predoutorais – para o que se achegaron máis de 5,5 millóns de euros- ; e no referente aos grupos de investigación nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG), coa convocatoria de axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes, para o que se destinan 3 millóns de euros ata 2015. Unhas axudas que se suman ás destinadas á Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación do SUG, ás que se destinan máis de 16,7 millóns de euros para os vindeiros catro anos.

Ao mesmo tempo, durante 2011 a Consellería ocupouse da xestión de 593 proxectos aínda activos do Plan INCITE que foron transferidos desde a Consellería de Economía, e que tiñan un orzamento total de 10 millóns de euros.

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén aprobou un investimento de máis de 710.000 euros para o apoio ao Programa de formación de recursos humanos do Hospital Veterinario Universitario; así como a achega de máis de 2 millóns de euros para prorrogar os contratos de 18 investigadores do programas Isidro Parga Pondal (ano 2009) e para facilitar a incorporación ás universidades do SUG de 6 investigadores do Programa Ramón y Cajal.

Ademais, a Consellería de Cultura e Educación premiou este ano a excelencia dos investigadores galegos con 970.000 euros en achegas para os participantes no prestixioso programa Starting Grant e CONSOLÍDER, ambos os dous programas símbolo da investigación de calidade, e recoñecidos internacionalmente.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN INVISTE 129.000 EUROS NA POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ, NA GUARDA

- ***Este investimento permitirá, ademais da rehabilitación e conservación dun ben de interese cultural e fito clave do sistema defensivo das fortalezas do Baixo Miño, a creación dun recurso cultural e turístico de primeira orde***

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración ente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda para a realización das obras de posta en valor do Castelo de Santa Cruz da Guarda. Deste xeito, a Xunta de Galicia investirá 129.241 euros para a reconstrución deste ben de interese cultural e fito clave do sistema defensivo das fortalezas do Baixo Miño.

Esta actuación está incluída no Plan de castelos, fortalezas e estruturas defensivas de Galicia, que desenvolve a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en colaboración con diferentes concellos galegos. A través desta intervención conseguirase completar a superficie pechada do Castelo, coa reconstrución da cara sur do baluarte da Guía, a cara leste que dá a Santa Tegra e a parte oeste de cara a San Sebastián.

A Consellería de Cultura e Educación financiará o 12,5% das obras de posta en valor deste ben histórico e o Concello da Guarda pagará o outro 12,5%. O Ministerio de Fomento, a través do programa para o 1% cultural, financiará o 75% restante. O custo total das obras ascende a 1.060.217 euros. Este investimento permitirá, ademais da rehabilitación do ben histórico e a súa conservación, a transformación dun recurso cultural e turístico de primeira orde.

Fortaleza de gran valor histórico

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural vén desenvolvendo desde hai varios anos diversos investimentos no Castelo de Santa Cruz co obxectivo de consolidar e recuperar os lenzos interiores desta fortaleza. Neste momento, estase a rematar a construción do centro de interpretación das fortalezas do Baixo Miño, onde a Consellería investiu 184.000 euros para rematar o centro de interpretación iniciado en 2009 e que permitirá poñer en valor e coñecer amplamente a historia desta construción defensiva.

O Castelo de Santa Cruz da Guarda foi construído no século XVII, dentro da campaña do último terzo da Guerra con Portugal. Edificouse no prazo dun ano co material proveniente das murallas da Vila da Guarda, en plena campaña militar e como consecuencia dos avances das tropas portuguesas ao outro lado do río Miño. Malia que a campaña militar durou apenas cinco anos desde a súa construción, mantivo un pequeno exército ata ser vendido a finais do século XIX, momento no cal pasou a ser unha dependencia de titularidade privada acondicionada para o uso industrial, agrícola e residencial.

O Castelo ten unha planta de cadrilátero irregular alongado e conserva un recinto amurallado, con zonas parcialmente derrubadas e outras reconstruídas con cinco garitas circulares con troneiras. As portas de acceso son de arcos semicirculares paralelos formando un paso cuberto con bóveda de canón. O castelo está incluído no Sistema Fronteirizo Atlántico da Guarda-Ínsua-Caminha na desembocadura do río Miño.

A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE INSTALACIÓNS SOLARES NUN MONTE VECIÑAL DO SAVIÑAO

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende 0,155 ha de terreos do monte veciñal en man común de Piñeiró, pertencente á comunidade de San Sadurniño de Piñeiró, no concello lucense do Saviñao***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do “Proxecto das instalacións solares fotovoltaicas” sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común de Piñeiró, pertencente á comunidade de montes de San Sadurniño de Piñeiró, no concello lucense do Saviñao. A superficie total de afección é de 0,155 ha. Este proxecto contribuirá a mellorar a subministración eléctrica no contorno do Saviñao.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, o Servizo de Montes desta mesma provincia remitiu informe favorable logo de constatar que o estado da masa forestal e a súa calidade produtiva, así como o estado físico e ecolóxico dos terreos, terían unha escasa afección por este proxecto.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo emitir informe favorable desta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

O PLAN DE RACIONALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PARALELA DA XUNTA XA LEVA EXTINGUIDOS 51 ENTES DESDE O SEU INICIO

- ***Ademais, están moi avanzados os trámites para suprimir outros 3 entes, cuxas operacións se materializarán de xeito inminente***
- ***Desde que se iniciou en 2010, o plan alcanzou un aforro para as arcas públicas galegas de máis de 24 millóns de euros***

O Consello da Xunta de hoxe informou do grao de execución do Plan de racionalización da Administración paralela, que se atopa inmerso na súa segunda fase e que ata o momento leva suprimidos un total de 51 organismos públicos, ben sexa pola vía da extinción, separación ou refundición.

Segundo se recolle do informe presentado esta mañá, dos 51 entes suprimidos un total de 44 foron resultado da primeira fase do Plan de racionalización e os outros sete desapareceron no escaso tempo –catro meses– que leva en marcha a súa segunda fase. Ademais, están moi avanzados os trámites para suprimir outros tres entes, cuxas operacións se materializarán de xeito inminente.

No marco da primeira fase de actuacións xa foron suprimidos a Fundación Milenio, a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais, a Fundación Galicia Emigración, a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, a Axencia Humanitaria de Galicia, ACEOUSA (Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.) e as 34 fundacións para o desenvolvemento comarcal. A isto engádesse a separación da Xunta de Sogaserro e a refundición do Bantegal cuxas funcións xa están sendo asumidas pola Agader.

Os organismos extinguidos na segunda fase do Plan de racionalización son o Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (Igaci); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (Ceei Galicia); a Fundación Centro Galego do Plástico; o Consorcio Audiovisual de Galicia; e os consorcios comarcais de bombeiros do Morrazo, O Salnés e Baixo Miño, O Condado e Louriña. Ademais, está previsto que en breve tamén se sumen á lista o Consorcio Galicia 2005 Volta ao mundo a vela; a Fundación Centro Tecnolóxico Têxtil; e a Fundación Mar de Galicia.

Máis alá da extinción destes organismos, o Goberno galego está a facer especial fincapé na optimización e mellora dos organismos que se manteñen, polo que xa foron implantadas máis de 300 melloras específicas tanto no primeiro como no segundo Plan racionalizador. Estas recomendacións inciden en ámbitos coma o control financeiro, a reordenación de espazos, a diversificación de actividades, a distribución de recursos materiais e humanos ou a orientación estratéxica.

Como resultado de todas estas medidas de racionalización da Administración instrumental autonómica -I e II Plan- o Goberno autonómico alcanzou un aforro para as arcas públicas galegas de máis de 24 millóns de euros.

Plan de racionalización


A racionalización da Administración paralela iniciouse en abril de 2010 como un proceso de supervisión e mellora continua que situou a Galicia á cabeza dos esforzos autonómicos nesta materia. Na actualidade hai dous plans activados, que están a ser executados con medios propios por todas as consellerías e coa supervisión total da administración paralela suman 116 entes dependentes, dos cales se prevé eliminar un total de 73 e optimizar os demais, a través da introdución de 500 melloras específicas.

Os obxectivos do Plan son evitar as duplicidades que se tiñan detectado, gañar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos instrumentais os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e a un menor custo.

O NÚMERO DE FALECIDOS POR ACCIDENTE DE TRÁFICO REDUCIUSE UN 53% NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS, E UN 45% OS ATROPELOS DE PEÓNS

- *O Consello de Goberno da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o informe sobre o Balance da accidentalidade na rede autonómica galega no período 2007-2011*
- *O número de mortos nos últimos cinco anos (2007-2011) na totalidade da rede da Comunidade Autónoma pasou de 107 no 2007 a 50 no 2011*
- *O número de accidentes con vítimas nos anos 2007-2011 na Rede Autonómica de Galicia, baixou dos 1.531 no ano 2007 a 1.137 no 2011 (-26%)*
- *As causas máis frecuentes polas que se produciron os accidentes na rede autonómica no ano 2011 foron as infraccións ás normas de circulación, seguidas das distraccións e dunha velocidade inadecuada*
- *A Xunta de Galicia está realizando 13 obras de eliminación de tramos de concentración de accidentes que actúan nuns 22 Km da rede de estradas autonómica e que está a supoñer un investimento de preto de 35 millóns de euros*


O Consello de Goberno da Xunta de Galicia foi informado no Consello de hoxe sobre o "Balance da accidentalidade na rede autonómica galega no período 2007-2011". A Xunta presenta os datos nos últimos cinco anos concluíndo que se está a producir unha importante redución da sinistralidade nas estradas titularidade da Xunta desde o ano 2007 ao ano 2011, período no que os sinistros mortais baixaron nun 53%, pasándose de 107 mortos no 2007 a 50 no 2011.



Segundo consta na memoria de seguridade viaria do ano 2012, a accidentalidade no período 2007-2011 na rede autonómica de estradas experimentou unha tendencia á baixa. Así, o constata a tendencia no número de accidentes con vítimas na Rede Autonómica de Galicia, pasándose de 1.531 accidentes no ano 2007 a 1.137 no 2011 (-26%). Na mesma

liña os atropelos de peóns tamén descendieron nestes últimos cinco anos, pasándose de 153 atropelos en 2007 a 84 en 2011 (-45%).

A fonte dos datos dos accidentes que se utilizan para a elaboración da Memoria de seguridade viaria son os partes de accidentes (informes ARENA) elaborados polos axentes da Garda Civil. Logo de revisarse estes partes, introdúcese os datos nunha base, a partir da cal se realizan as oportunas estatísticas para editar a memoria.



Ano 2011

O informe presentado hoxe analiza polo miúdo os datos de sinistralidade durante o ano 2011, no que se produciron un total de 1.137 accidentes con vítimas na rede autonómica de Galicia. Nestes accidentes houbo un total de 50 mortos, 306 feridos graves e 1.384 feridos leves, é dicir un total de 1.740 vítimas.

As causas máis frecuentes polas que se produciron os accidentes na rede autonómica no ano 2011 foron as infraccións ás normas de circulación, seguidas das distraccións e dunha velocidade inadecuada. Estes tres grupos engloban o 79,5% do total.

No ano 2011 o 69,1 % dos accidentes producíronse coa calzada seca e limpa. Con calzada mollada producíronse o 29,1 % dos accidentes. En canto á gravidade, os accidentes máis graves se producen coa estrada mollada.

No ano 2011, da totalidade dos 1.137 accidentes con vítimas que se produciron na rede autonómica galega, o 65,4% foron en pleno día, seguidos do 13,7% dos accidentes que se produciron con iluminación suficiente, o 8,7% sen iluminación e o 8,1% con iluminación insuficiente. Os accidentes máis graves foron os producidos sen iluminación.

Os accidentes producidos durante o ano pasado foron un 33,6% en recta e un 39,75% en curva, dos que o 18,8% foron en curva forte e o restante 20,9% en curva suave. Os accidentes máis graves foron os producidos en curva suave e en recta.

Finalmente, cabe destacar que o 92% dos accidentes con vítimas do 2011 rexistráronse en vías convencionais.

Tramos de Concentración de Accidentes

Ao mesmo tempo que se constata unha baixada da accidentalidade a Xunta de Galicia vén realizado actuacións en materia de seguridade viaria e, en concreto, aquelas conducentes á eliminación de Treitos de Concentración de Accidentes.

Actuar en tramos de concentración de accidentes (TCA) é totalmente imprescindible de cara á mellora da seguridade viaria e, con este obxectivo nestes momentos a Xunta de Galicia está realizando 13 obras de eliminación deste tipo de treitos que actúan nuns 22 Km da rede de estradas autonómica e que está a supoñer un investimento de preto de 35 millóns de euros.

No que vai de lexislatura rematáronse 35 actuacións que supuxeron actuar en 61,1 Km e un investimento de 25,4 M euros, polo que a Xunta de Galicia está a mobilizar nesta lexislatura un total de 60,42 millóns de euros para a eliminación de Tramos de Concentración de Accidentes.

O SERGAS DESTINARÁ MÁIS DE SETE MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN EN OURENSE DOS CENTROS DE SAÚDE DO COUTO E A VALENZÁ

- ***Está previsto que a vindeira semana o DOG publique a licitación destas infraestruturas***
- ***A Xunta de Galicia aposta pola construción destes centros de saúde pois considera que son dúas zonas de poboación emerxentes***
- ***Ambas as obras, cofinanciadas con fondos Feder, están enmarcadas na estratexia Sergas 2014 de modernización das infraestruturas da rede de atención primaria***

O Servizo Galego de Saúde licitará a vindeira semana a construción dos centros de saúde do barrio ourensán do Couto e A Valenzá, no concello de Barbadás. En concreto, o Sergas destinará un total de 3.651.775,77 euros para a construción do novo centro de saúde do barrio do Couto no concello de Ourense. Esta infraestrutura, que ten un prazo previsto para a súa construción de 18 meses, contará cunha superficie de 2.738,57 m².

Tamén o Sergas anuncia que destinará 3.348.910,04 euros á construción do novo centro de saúde da Valenzá, no concello de Barbadás. A execución desta obra ten un prazo previsto de 20 meses, e a superficie construída do futuro centro será de 1.952,02 m².

Ambas as obras, cofinanciadas con fondos Feder, están enmarcadas na implantación da Estratexia Sergas 2014, no obxectivo de modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.

Aposta por Ourense

A Xunta de Galicia aposta pola construción destes centros de saúde, pois considera que tanto O Couto como A Valenzá son dúas zonas de poboación emerxentes, situadas no centro urbano e periurbano de Ourense, cunha importante proxección de crecemento poboacional e que necesitarán de novos e modernos espazos asistenciais que beneficiarán máis de 25.000 ourensáns.

O centro de saúde do Couto realizarase nunha parcela cunha superficie de máis de 3.900 metros cadrados. É un terreo que ten unha lixeira pendente leste-oeste, cun desnivel de dous metros existente nos puntos extremos que dan á rúa Velázquez. O acceso ao centro faise desde a parte máis alta da rúa, creando así un andar semisoto que está enterrado parcialmente, posibilitando unha maior iluminación e ventilación. O edificio ten forma de U, o que posibilita dispoñer as diferentes pezas ao redor dun patio, e facilita unha boa iluminación e ventilación en todo o edificio. Tamén contará con zonas para fisioterapia, especialidades, administración, pediatría e medicina xeral.

Pola súa banda, o edificio proxectado para o novo centro de saúde da Valenzá conta cunha superficie de máis de 3.600 metros cadrados, a medio camiño entre o río e a estrada principal do municipio na súa parte inferior, e a autoestrada na parte superior da ladeira. Este centro de saúde aproveita a inclinación natural da parcela para formular unha solución que permite a creación de espazos públicos de interese asegurando o correcto funcionamento do centro e uns percorridos máis accesibles. Disporá de área de servizos, área da muller, así como dos espazos dedicados a adultos e pediatría.